

Que lusofonía para a Galiza?

Henrique Monteagudo*

Serafin Alonso Pintos**

Resumo

Neste contributo discútese a noción de Lusofonía desde a perspectiva de Galicia, e delibérase sobre a hipótese de aproximación ou integración da Galiza na comunidade lusófona. Argúmentase a favor desta aproximación, desde unha posición proactiva e na procura de reciprocidade, que debe estar fundamentada nunha dialéctica de coñecemento / recoñecemento mutuo, entendendo o espazo comunicativo/cultural da Lusofonía como unha rede horizontal, heteroxénea e participativa, de arquitectura policéntrica e non xerárquica, que ofrece a posibilidade de diálogo entre as distintas culturas respectando as respectivas identidades.

Palabras-chave: Lingua, Comunicación, Identidade, Galego, Lusofonía

Abstract

In this contribution the notion of Lusofonia and the hypothesis of approximation or integration of Galicia in the *lusophone* community are discussed from a Galician point of view. It argues in favor of this approximation, in a proactive position, aiming at reciprocity, which has to be reached through a dialectics of mutual knowledge / recognition. The cultural / communicative space of Lusofonia must be understood as a horizontal net, heterogeneous and participatory, with a polycentric, no hierarchical, architecture, in order to offering the possibility of dialogue between the different cultures with respect to their particular identities.

Keywords: Language, Communication, Identity, Galician Language, Lusofonia

A má noticia é que a Lusofonía non existe como unha realidade efectiva, xa feita, ao que Galicia, ou outro país 'lusófono' podería ou debería *incorporarse*. A boa nova é que a Lusofonía talvez poida existir como proxecto en andamento, na construción do cal cabería a Galicia contribuír, a partir da súa propia identidade, da súa situación actual, achegando os seus puntos de vista e os seus *intereses* — no duplo sentido: *inte-*

* Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela henriquemonteagudo@gmail.com

** Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

reses culturais, aqueles asuntos que interesan o noso espírito, e *intereses* materiais, aquelas cousas que favorecen o noso benestar. Se a *Lusofonía* fose o primeiro, Galicia tería difícil cabida (ao menos, cómoda) nela; se chega a ser o segundo, Galicia podería alargala un pouco ao tempo que ela mesma se alargaba un moito. Imos lá ver.

Ata o día de hoxe, o apelo adoito enunciado entre nós en nome da *lusofonia* evocaba un proxecto que se arboraba arredor dunha 'lingua portuguesa' concibida ao xeito monolítico e unicéntrico, sempre supeditado á 'razón de estado', das antigas linguas imperiais — tantas veces allea, inconciliable e imposta ás múltiples 'razóns' das sociedades. Ao noso entender ese proxecto sinxelamente non é viable, e aínda que resultase selo, non sería desexable, *inter alia*, por anacrónico. Cousa ben distinta é explorar as posibilidades de diálogo cooperativo e de colaboración proactiva de Galicia na construción dun espazo dinámico e multidimensional, constituído polos países de expresión cultural portuguesa, en que os axentes participantes se respecten e recoñezan nas súas respectivas e plurais identidades, a partir das cales se propoñan realizar unha serie de esforzos comúns coa finalidade de desenvolver as potencialidades de mutuo reforzo e recíproco arrequentamento. Un proxecto que non perda a perspectiva planetaria, no tocante tanto ao respecto pola diversidade lingüístico-cultural dos grupos humanos e a defensa do autogoberno das comunidades, canto ao fomento do coñecemento, a comunicación e a cooperación entre os pobos e as culturas. Un proxecto, por tanto, aberto nos dous sentidos, isto é, relativamente a outros espazos e mais tamén aos diferentes e imaxinables horizontes de futuro.

Coa presente colaboración, lonxe de pretender esgotar un ámbito de reflexión tan atraente como pouco aproveitado, manifestaremos a oportunidade de explorar vieiros plausibles para un fluído intercurso de Galicia cos países de expresión portuguesa, no marco da participación do noso país no devandito espazo internacional de comunicación lusófona.

1. Lusofonía: os galegos e a etiqueta

Comezaremos a nosa achega facendo un pequeno repaso do que a etiqueta *lusofonia* representa hoxe no noso país, revisando de maneira moi sucinta as connotacións do vocábulo nos círculos intelectuais galeguistas, algunhas das cales entendemos secundarias e moi desviadas do sentido orixinal do termo.

A día de hoxe o termo *lusofonia* resulta en xeral descoñecido ou mal coñecido entre nós. Dous son en Galicia os valores semánticos básicos que se lle atribúen. En primeiro lugar, e para a maioría da poboación — esa que considera o vocábulo *portugués* pouco menos ca un insulto—, lusofonía non significa nada ou case nada. Séculos de dominación cultural deixaron como manifestación visible unha profunda alienación a respecto do propio, un alleamento que se ve acrecentado tan logo como un intenta alargar a base do que se considera propio, pois para un cidadán/dá medio/a de Galicia o portugués é hoxe o idioma estranxeiro dun país estranxeiro. Unha lingua que, ademais de no veciño Portugal, é empregada no Brasil e que só aqueles mellor informados saben

falada tamén nun pequeno grupo de países de identificación non sempre doada nin completa no continente africano. Non existe con carácter global na sociedade galega unha conciencia colectiva de pertenza a un ámbito lingüístico supragalaico (fóra do español e a Hispanidade, claro está). De feito, nin sequera rexistramos unha idea clara dos concretos límites e características dese tal espazo denominado lusofonía. Os problemas do idioma son analizados pola maioría da poboación en clave 'local' (segundo nós, 'nacional'), polo común en termos de necesidade de defensa e promoción do uso do galego fronte ao castelán que lle disputa hai séculos falantes e ámbitos de uso no seu territorio propio con todos os recursos a disposición dun estado moderno.

Á beira deste xeral descoñecemento, reforzado sen dúbida pola esmagadora influencia cultural que na sociedade galega vén exercendo desde antigo un estado coma o español que vive de costas ao seu veciño ibérico occidental, o termo *lusofonía* vén operando desde hai un tempo en determinados círculos como a verbalización do remate desexado dunha determinada corrente de aproximación do galego ao portugués coñecida en Galicia co nome de *reintegracionismo*. Desde esta perspectiva reintegracionista, a *lusofonia* representaría hoxe a culminación necesaria dun proceso de concreción gráfica que concentrou no ámbito da escrita a lusofilia difusa operante na tradición galeguista desde o seu renacemento no século XIX.

2. Lusografía, Lusofonía

Para a parte máis avanzada da minoría intelectual reintegracionista, por *lusofonia* enténdese ir máis alá dos diferentes ensaios previos de aproximación só ortográfica do galego ao portugués (*lusografía*) para melloralos e completalos, dándolles cabo cunha aceptación redonda do portugués estándar que incluíría, ademais da súa escrita, a súa oralidade (*lusofonía*). Este é o sentido básico con que o termo opera en determinados grupos da minoría intelectual nacionalista galega ou galego-portuguesa. Como consecuencia desta evolución da lusofonía á lusografía, a agrupación que na década dos oitenta do século pasado materializaba a vangarda da proposta reintegracionista¹, a Associação Galega da Língua (AGAL) leva anos desprazada do seu antigo posto de avanzada por aqueles que, en nome da *lusofonia*, defenden a necesidade inelutabile de os galegos abandonarmos a nosa maneira de falar e escribir para asumirmos, de maneira completa e sen reservas, a lingua portuguesa. Esta última tendencia ten na Academia Galega da Língua Portuguesa (AGLP), fundada en 2008, o seu referente institucional máis visible.

Así, o sentido máis corrente de lusofonía en Galicia é o dunha tendencia promovida por un feixe de intelectuais e asociacións minoritarias que negan ao galego calquera posibilidade de se converter en lingua de cultura de seu, pois consideran que

¹ Esta formulación de vangarda reintegracionista aparecía recollida no *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (Instituto da Língua Galega-Real Academia Galega, 1982), Associação Galega da Língua (1983).

tanto o idioma popular falado coma a lingua literaria que a partir deste se veu arbo-
rando desde o Rexurdimento do século XIX se atopa irremediabilmente ‘deturpado’
polo castelán², e dedican o groso dos seus esforzos a tentar convencer a cidadanía da
necesidade de falar e escribir en portugués como vieiro único de emancipación do
xugo castelán. Ben se entende que esta conceptualización de lusofonía non será a
común nun brasileiro ou nun africano de fala portuguesa. Nin sequera debe ser a
máis frecuente nun portugués de Portugal, polo menos para un portugués que non
sinta Galicia como unha parte arrincada por España ao seu territorio lingüístico.

Para nós, galegos e galegas, é posible outra lusofonía, que non nos negue e nos
des-centre, desta vez non cara a Madrid, senón cara a Lisboa ou outra capital aínda
máis arredada? Entendemos que si, e procuraremos nas liñas que seguen trazar
algúns dos riscos que se cadra poderían ser tomados en consideración no seu deseño.

3. Outra Lusofonía é posible?

No contexto cultural en que nos movemos, aberto a experiencias culturais diversas, co
audiovisual como formato prevalente, transmitido en rede e coas pantallas (da tele-
visión, do ordenador, dos dispositivos de telefonía móbil e por aí fóra) como soporte
preferido, sobre todo entre a xente nova, parece se cadra conveniente repensar os pará-
metros de enlace do galego no espazo da lusofonía para ver de ensaiar novas tácticas
de intercambio aproximativo. De por parte, o camiño andado ofrece algúns datos fia-
bles acerca de cal foi ata o de agora a resposta da sociedade galega a determinadas ini-
ciativas e cales poderían ser, en consecuencia, os camiños para formulacións futuras
se se aspira a que estas teñan algún tipo de seguimento e incidencia diferente da aca-
dada pola opción substitutiva. Entre outras mudanzas posibles, entendemos que as
relacións do galego co ámbito internacional de comunicación lusófona deberan cam-
biar de individuais (ou de pequeno grupo) a colectivas, de ortográficas a orais e mul-
timedia e, en fin, de pasivas a abertas á participación activa da comunidade galega.

Isto é, entre outras cousas, esas relacións deben pasar de metalingüísticas e gra-
foncéntricas (isto é, centradas nos interminables debates sobre a norma lingüística
e particularmente a norma gráfica) a pluritemáticas, multimediáticas, heteroxéneas
e omniparticipativas: deben implicar antes de máis e por riba de todo unha grande
diversidade de contactos, ‘negocios’ e axentes humanos, educativos, culturais, eco-
nómicos, políticos...

Marco de colaboración		
Individual	----->	Colectivo
Ortográfico	----->	Multimedia
Pasivo	----->	Activo

² Cando non negan pura e simplemente tal entidade, que sería máis un espectro, unha especie de aberración deri-
vada da dominación española en Galicia; mentres que o ‘verdadeiro’ galego sería sen máis o portugués.

Ao noso entender, os intercambios entre Galicia e a lusofonía deben transitar desde as illas do esforzo individual ou de pequeno grupo en que viñeron consistindo ata o de agora á terra firme da promoción institucional por parte dos organismos de carácter nacional dos respectivos espazos implicados. Estes deben elaborar estratexias ambiciosas e ao tempo flexibles de colaboración, marcos abertos e orientacións de traballo establecidos coa colaboración dos axentes sociais (colectivos civís ou profesionais, universidades, empresas) máis que directrices ríxidas impostas a estes. Desta maneira, as relacións que xa existen, entre particulares ou pequenas agrupacións de intelectuais e — escasas e de progresión lenta no caso de Galicia—, tamén entre empresas, recibirían apoio certo e planificado por parte das autoridades oficiais, un apoio que poría en valor o traballo previo e mantería os camiños limpos e abertos para o establecemento futuro de novas relacións sobre a base sólida dos logros acadados. Enxeñeiros galegos en Petrobras ou médicos e persoal de enfermaría na sanidade pública portuguesa son ben recibidos porque, para sorpresa de bastantes fóra de Galicia, son españois que saben portugués. O obxectivo pasaría pois por desenvolver accións organizadas que contribúisen de maneira positiva, duradeira e promovida institucionalmente á multiplicación de algo que xa é real para unha minoría, de maneira que estas alternativas — laborais, culturais ou outras por descubrir — resultasen viables para calquera cidadán e non só para algúns poucos individuos de alta cualificación académica.

A situación da lingua portuguesa no sistema galego de ensino é outra área onde propiciar a mudanza no sentido que aquí defendemos. No canto de se incluír, como acontece neste momento, a materia de portugués como unha disciplina optativa naqueles poucos centros en que se rexistra un número máis ou menos elevado de fillos de traballadores emigrantes, deberíase incorporar o portugués como materia de oferta obrigatoria na totalidade dos institutos de ensino secundario de Galicia, polo menos ao nivel que hoxe teñen outras linguas como o inglés ou o francés. Pasaría así dunha presenza ligada a mecanismos de apoio ao colectivo inmigrante no país de acollida, que equipara en certo sentido a portugueses e brasileiros con romaneses, chineses ou marroquís — circunstancia a todas luces aberrante desde o punto de vista lingüístico e de irmandade cultural —, a outra relacionada coa inclusión regrada no currículo escolar dunha lingua internacional de doada aprendizaxe para os galegofalantes que os capacitase de maneira colectiva para a rendibilización desa poderosa vantaxe comparativa no mundo laboral ou na procura novos mercados ou relacións estratéxicas para as empresas. Existen iniciativas en marcha para conseguir isto, coa implicación activa do Consello da Cultura Galega.

Pero para conseguir o obxectivo que acabamos de enunciar, ou calquera outro que vaia nunha dirección semellante, os galegos debemos primeiro superar o estreito ámbito do ortográfico onde desde o derradeiro terzo do século XX algúns insisten en enmarcar as relacións entre os galegos e o resto do mundo de fala portuguesa. Como resultado da acción de fomento desenvolvida por algúns colectivos reintegracionistas, e tal e como referimos unhas liñas máis atrás, o portugués é visto en moitos

casos na Galicia actual como algo que *hai que escribir*. A teima no ortográfico, xustificable pola formación (filolóxica, universitaria) e o horizonte de referencia (libresco, literario) do que partían e ao que aspiraban os máis destacados definidores da corrente, continúa a gobernar hoxe moitas accións en defensa do portugués en Galicia, coa conseguinte marxinación doutras vías de actuación no ámbito lusófono que, ao noso xuízo, resultarían talvez de meirande utilidade e proveito.

No canto de insistir nunha concepción decimonónica da lingua como algo que hai que ordenar desde a Universidade e a Academia para manter dentro dunhas regras de obrigado cumprimento que a convertan en vehículo axeitado para a alta literatura, poderíase se cadra experimentar cun abano de produtos culturais que superase o marco do libro impreso canonizado pola crítica especializada. Superados os marcos ortográfico e de mercado potencial para a venda de libros, a lusofonía despreza posibilidades novas para a libre circulación de produtos audiovisuais en calquera dos soportes. A estupenda recepción de material audiovisual portugués ou brasileiro (anuncios televisivos, vídeos musicais, campañas institucionais deseñadas para a televisión...) exposto ao público nos blogues mantidos por internautas galegos constitúe un bo exemplo de práctica ben aceptada entre nós.

Esta distribución en rede de produtos audiovisuais debería reforzarse coa promoción no ámbito do ensino doutras destrezas alén do dominio da ortografía do Acordo de 1990. No canto de orientar os esforzos académicos dos escolares galegos cara á consecución da perfección ortográfica na escrita do portugués, resultaría se cadra máis útil e rendible o fomento doutras destrezas comunicativas, máis relacionadas coa comprensión oral e a lectura comprensiva. O obxectivo é o de avanzar desde a intercomprensión oral xa existente entre galegos e falantes de portugués ata novas áreas de dominio da lingua. Áreas para as que se promoverá un grao de competencia que variará en función dos obxectivos de cada usuario, e que serán distintos para un escolar que non aspira a moito máis que a pronunciar con xeito os apelidos dos seus futbolistas brasileiros preferidos ca para un futuro estudante de Filoloxía que aspira a traballar como profesor de portugués. Experiencias como a desenvolvida para a comprensión escrita entre linguas romances europeas pola profesora da Universidade de Provenza Claire Blanche-Benveniste (1997) en *EuRom4*, centrada non tanto en *producir* coma en *comprender* textos escritos en español, francés, italiano e portugués ou o método *Die Sieben Siebe* de Horst Klein e Tilbert Stegman (2000) que desde unha perspectiva semellante abrangue sete linguas continentais (galego, portugués, español, catalán, francés, italiano e romanés), ou, xa moito máis vinculado á internet, Galanet³, constitúen, co seu fomento da intercomprensión lingüística, algúns exemplos do estilo de estratexias de fomento escolar do portugués que se poderían ensaiar con algunha oportunidade de éxito no noso ámbito.

Pero para fomentar a intercomprensión entre galegos e falantes de portugués hai que aceptar primeiro o galego como unha realidade lingüística enteira e mere-

³ Pódese consultar máis información en www.galanet.eu, ou no sitio web do seu desenvolvemento para docentes www.galapro.eu.

cente de estima, rachando a imaxe dos galegos como unha colectividade que só se salvará se deixa de falar como fala e escribir como escribe. O noso papel na lusofonía non se pode reducir a abandonar o galego e asumir, a poder ser con entusiasmo colectivo, o portugués.

Contemplado como un exotismo periférico, o galego é percibido por algúns como unha aberración lingüística sen futuro á que hai que someter para conservar. Entramos así no eido das abstraccións que nos demedian, aquelas que nos reducen a unha parcialidade dependente, colonizada (*galego-castelhana*) ou colonizable (*galego-português*, entendido este non como unha convención literaria medieval, senón como unha realidade idiomática contemporánea), pero sempre como a metade de algo, nunca como un todo. Outros rótulos sinalan de maneira aberta para os dous grandes estándares estatais, como acontece con *portunhol*, invento vocabular formado da suma de *português* e *español*. E, finalmente, os máis atrevidos insultan sen complexos a nosa lingua nacional tratándoa de *linguajar labrego*⁴ ou *crioulo*, denominación esta última que aparece en canto se aplica a Lei de Berto⁵ en calquera discusión *on line* sobre o galego. No fondo de toda esta etiquetaxe latexa un substrato infravalorativo que denigra primeiro o noso idioma para lle negar despois calquera viabilidade presente ou futura como moderna lingua de cultura. Desde as coordenadas xeopolíticas e identitarias da Galicia actual, esta subestimación danada da lingua propia parécenos unha estratexia suicida e redondamente inútil para solucionar os auténticos problemas sociolingüísticos do idioma. Por poñer un exemplo, unha cousa é que un eurodeputado galego empregue o portugués nos organismos europeos como acto de rebeldía fronte á imposición neocolonial do emprego obrigado do español en instancias de representación da Comunidade Europea, e outra que renunciemos a conseguir no futuro o recoñecemento do galego como lingua de uso neses mesmos ámbitos de uso.

4. Centro e periferia. Brasil no horizonte

Se aos ollos de determinada xerarquía centralista lisboeta (ou madrileña) Galicia ocupa a periferia no escenario ibérico, a importancia da súa localización e personalidade diferenciadas diminúen aínda máis cando, desde esta perspectiva, o campo de xogo se amplía ao espazo internacional: a moza galega só poderá acudir ao baile das nacións da man dun varón portugués ou dun cabaleiro español. En ningún caso ela soa. Porén, para un observador menos lastrado por tan groseiro preconceito, Galicia asoma como un emprazamento destacado nunha topografía atlántica que baña as costas de Irlanda e dos países africanos de fala portuguesa para chegar ata

⁴ Rodrigues Lapa (1973: 285).

⁵ «A medida que unha discusión *on line* en galego sobre calquera tema avanza, a probabilidade de que se mencione o reintegracionismo/isolacionismo achégase a 1» (http://wiki.chuza.org/wiki/Lei_de_Berto, consultada o 9 de outubro de 2010).

o Brasil, superando así a súa posición de marxe para emerxer con outra ben distinta nun corredor atlántico tan interesante como ata o de agora case á poula no que se refire ao cultivo das relacións intercontinentais. Deixando para mellor ocasión a pista céltica, entendemos que os galegos, coa nosa competencia plurilingüe, temos un papel a desempeñar nese escenario complexo, de realidades políticas, económicas e sociais diversas e non sempre doadamente conciliables, que, con todo, apela aos galegos co nome de lusofonía.

Fóra dos límites europeos, o Brasil érguese para os intelectuais galeguistas como un horizonte privilexiado para o establecemento de relacións de cooperación cultural que vaian máis alá do intercambio bilateral (galego-portugués) que se viña fomentando no vello continente. Repasaremos primeiro os esquemas ideolóxicos e historiográficos que viñan regulando a visión do galego no Brasil (e da realidade brasileira en Galicia) para expoñer despois algunhas das relacións colaborativas que podemos establecer con aquel país.

Historicamente, e logo de séculos funcionando co mito do Portugués Arcaico, que ocultou no Brasil a nosa realidade medieval ata o extremo de se afirmar alá ser o portugués de Portugal un descendente directo do latín (Lagares 2010: 4-6), a riqueza lingüística e literaria da *Gallaecia* medieval comeza nos nosos días a abrirse paso entre os filólogos brasileiros coa forza reveladora que lle outorga a súa condición de sorpresa dun pasado negado. O vello celo metropolitano en manter oculto ou en brétema o galego-portugués medieval ou, por outras palabras, o feito de o portugués ter a súa orixe histórica na variante medieval dun idioma que hoxe moitos xulgan unha anomalía premoderna, rural e desordenada conservada apenas na fala dalgúns mariñeiros, labregos e operarios e defendida por algún intelectual entusiasta nunha comunidade pobre e subdesenvolvida do territorio español que se estende ao norte da rexión portuguesa (tamén pobre e subdesenvolvida) de Trás-os-Montes, provocou un descoñecemento do galego no Brasil que só agora comeza a disiparse. As conexións directas entre filólogos galegos e brasileiros, propiciada en tempos recentes polo incremento das visitas e intercambios entre especialistas, así como o establecemento na república ultramarina de filólogos formados en universidades galegas, comezan a facilitarlles aos lingüistas da república ultramarina datos directos de relevo cos que reconsiderar sobre novas bases a natureza verdadeira da matriz continental do seu idioma.

No que fai á imaxe da realidade lingüística brasileira en Galicia, o Brasil é percibido por estas terras como un valedor internacional do galego que non nos toma contas, unha intuición inicial que mellora a pouco que un afonda na realidade do xigante de América do Sur. Un exemplo só. Os defensores do galego senten moi próximas as reclamacións de respecto pola diferenza que formulan os defensores do portugués brasileiro. Así, un lingüista brasileiro clama contra a presión uniformizadora do academicismo lisboeta máis severo (“Negar o que é caracteristicamente noso na língua é negar a nossa própria identidade cultural como povo e nação independente!”, Bagno 2007: 157) e un galego estima esa queixa, e o argumento en que

se sustenta, como propios e aplicables de maneira directa á loita en defensa do seu idioma nacional.

O Brasil non se ofrece a nos acoller no seu seo, non busca a redención dos nosos pecados lingüísticos, non nos quere liberar de ningunha opresión. Para circular por aquel país non se nos obriga antes a renunciar á nosa lingua, non se nos demanda o acatamento sen reservas de ningunha ortodoxia. Faltos da maioría das valoracións estereotipadas, en boa parte derivadas da ríxida asociación entre estado, nación e lingua (sempre no molde napoleónico: o ideal é un estado uninacional, e a nación monolingüe, isto é, o obxectivo é a homoxeneidade cultural imposta desde o estado), con que algúns intelectuais portugueses (e tamén algúns galegos) prexulgan a realidade lingüística galaica, os brasileiros propoñen unha “efetiva acción inter pares, sem qualquer atitude ou pretensão de centralização, hegemonia ou dominação” (Faraco 2010: 64). Velaquí unha relación de igual a igual, respectuosa coas diferenzas, que habilita un valioso espazo convivencial de tolerancia e apoio mutuo para o proceso de expansión internacional da nosa lingua. Será por Brasil ser unha república federal? Será porque procura unha nova identidade fundada non no modelo uniformizante do antigo colonizador (varón branco europeo e cortado polo padrón político-cultural lusitano), mais nos modelos emerxentes abertos ás lóxicas da pluralidade, a heteroxeneidade e a hibridación?

Este espazo de produción, reprodución e vivencia multicultural demanda reciprocidade. Agárdase de nós algo máis ca actuar como submisos receptores pasivos dos produtos elaborados por outros, promovendo unha relación bidireccional nun ámbito plural e inclusivo que non nos reclama ningunha renuncia previa para poder participar. Como consecuencia deste intercambio mutuo, os galegos podemos presentar no Brasil a nosa experiencia en campos que van desde as ciencias do mar aos sectores da industria téxtil ou a construción naval. No cultural e lingüístico, os galegos contamos con experiencia contrastada en situacións de contacto de linguas ou na xestión das tensións entre unidade e variación (dialectal, pero non só) na lingua estándar. Asemade, nun país lusófono que comparte fronteira con Arxentina, Venezuela, Uruguai ou Paraguai a nosa experiencia nos procesos de ensino e aprendizaxe do español resultará sen dúbida un activo a tomar en consideración.

Acá levamos décadas aprendéndolles a castelanfalantes nativos a pronunciar con xeito o <e> de *pé* ou o <o> de *roda*; a ler de maneira distinta o <x> de *xarope* e o <x> de *exame*; a escribir con *substantivo* e sen <p> *ditongo*, a poñer o <h> en *harmonizar* e a tirarllo a *inchar*; a facer en <-is> o plural de *animal*. Esta práctica docente, unida a un dominio xeral do español ao que os galegos estamos mesmo obrigados por lei, diseña un interesante campo de encontro entre os galegos, que convivimos desde hai séculos co castelán no noso propio país, e os brasileiros, inseridos xeograficamente no corazón mesmo da hispanidade sudamericana.

5. (Des)atando nós

É sabido que para que as cousas sexan posibles e acontezan, hai que querelas antes de pórse a facelas e, e somos maioría os galegos e galegas que nos negamos a ser a póla satelizada ou abertamente negada de ningún gran estándar alleo, ao tempo que reivindicamos o noso dereito a nos abrir ao mundo desde o que hoxe somos, non desde o que se cadra fomos algún día ou tal vez puidésemos no futuro chegar a ser. Manifestamos en consecuencia a nosa disposición a colaborar *de maneira activa* nun espazo transnacional, horizontal e non xerárquico de intercambio de produtos culturais onde se nos acepte coas nosas diferenzas, os nosos defectos, os nosos trazos singulares, a nosa historia e a nosa realidade actual. Os galegos e galegas somos o que somos e non queremos deixar de ser o que somos para nos converter noutra cousa distinta — salvo que, obviamente, aspiramos á nosa mellora material e cultural, pola vía da emancipación individual e colectiva.

Aspiramos a saír desde a nosa substantividade material ao encontro de pobos irmáns, nun tramado multinacional que non nos faga de menos, que non nos esixa renunciar a falar como falamos e nos acepte en toda a nosa complexa realidade como posibles creadores activos de contidos cos que engrandecer este fascinante universo compartillado de comunicación cultural. E precisamente coidamos que podemos contribuír a arrenquentar ese universo coa nosa particular experiencia histórica, que nos dotou dunhas características de noso, entre elas, a nosa condición de pobo-ponte, periférico, fronteirizo, bifronte, disperso e difuso. Sen dúbida, iso pode acabar tendo algún valor e algún interese, para quen teña vontade de coñecemento e apertura ao diálogo.

Por que podería interesar a Galicia unha certa Lusofonía? Para a cidadanía galega, coñecer mellor Portugal, Brasil, os outros países de expresión portuguesa, non significa explorar un mundo estraño, mais en boa parte (re)aprenderse a si mesma. Coñecéndoos mellor, coñecémonos mellor. Pero a consideración inversa non é menos certa: coñecéndonos mellor, tamén vós (cidadanía portuguesa, brasileira, lusoaficana ou lusoasiática) vos coñecederes mellor *a vós propios*. A nosa exploración recíproca, ten, pois, en o carácter paradoxal dunha singradura simultaneamente interior e exterior: imos aprendendo como e canto somos distintos — distintos, entre outras cousas, de nós mesmos, ou mellor, a como coidabamos que cada un de nós eramos. Nesa singradura descubrimos que a identidade non é un legado intocable do pasado, que estaríamos obrigados a preservar impoluto para transmitir ás xeracións vindeiras; a identidade é unha procura sen fin, un camiño aberto, unha tirapuxa sen pausa en que nos recollemos, nos reelaboramos, nos inventamos en interminable diálogo e incesante controversia. Esa Lusofonía así, se é que resulta posible, é a que nos interesa e á que e cadra podemos contribuír. Non si?

Bibliografía

- Associaçom Galega da Língua [AGAL] (1983) Comissom Lingüística, *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (Instituto da Lingua Galega-Real Academia Galega, 1982), A Coruña: AGAL.
- Bagno, M. (2007) *Nada na língua é por acaso. Por uma pedagogia da variação lingüística*, São Paulo: Parábola Editorial.
- Blanche-Benveniste, C., et al (1997) *EuRom4. Méthode d'enseignement de quatre langues romanes*, Firenze: Nuova Italia Editrice.
- Faraco, C. A. (2010) 'A encruzilhada da lusofonia', *Grial*, 187: 60-64.
- Klein, H. e Stegmann, T. (2000) EuroComRom — *Die Sieben Siebe: Romanische Sprachen sofort lesen können*, Aachen: Saker, 2000 [existe versión galega: Sabela Labraña, S., et al (2009) *EuroComRom: as sete peneiras: saber ler axiña en todas as linguas románicas*, Aachen: Shaker].
- Lagares, X. C. (2010) 'A situación do galego na perspectiva internacional: A «nosa língua» e «os da banda d'alá»', no prelo.
- Rodrigues Lapa, M. (1973) 'A recuperación literária do galego', *Grial*, 41: 278-287.